

DECRETO

EXCMO. SR. DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, ALCALDE-PRESIDENTE EN FUNCIÓNS DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,

ASUNTO: APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NA MODALIDADE DE XERACIÓN DE CRÉDITO (EXPTE XC 9-2025). COMPROMISO FIRME DE FINANCIAMENTO POR PARTE DA CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE DA XUNTA DE GALICIA PARA A POSTA EN MARCHA DO OBRADOIRO DE EMPREGO "SALUSLUGO".

Visto o expediente tramitado relativo á MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NA MODALIDADE DE XERACIÓN DE CRÉDITO (EXPTE XC 9-2025) financiada co compromiso firme por parte da Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia polo importe de 420.928 euros, en base á Resolución do 22.02.2024, para a posta en marcha do obradoiro de emprego "**SALUSLUGO**".

Vista resolución ref EM A12038654 relativa ao procedemento TR353A "Subvención a obradoiros duais de emprego" no que se acorda aumentar en 11.294,40 € o importe da subvención concedida ao Concello de Lugo para a realización do obradoiro dual de emprego "Salus Lugo" coa única finalidade de finanaciar os salarios das persoas alumnas traballadoras do mesmo como consecuencia do incremento do Salario Mínimo Interprofesional e das cotas da parte empregadora da Seguridade Social, Fondo de Garantía Salarial, desemprego e formación profesional para o ano 2025.

Vista providencia do servizo de Desenvolvemento Local, asinado pola súa xefa de servizo, Isabel Villamor Cabado, o 09.05.2025, coa conformidade do Excmo. Sr. Alcalde en funcións, de xeración de crédito polo sinalado importe, e coa seguinte distribución por aplicacións orzamentarias e importes:

- Gastos salariais-laboral temporal, aplicación orzamentaria 24102.13100: 9.894,00 €
- Seguridade Social, aplicación orzamentaria 24102.16000: 1.400,40 €

- Proposta do Excmo. Sr. Alcalde en funcións do 14.05.2025 de iniciación do expediente de modificación de crédito, mediante a modalidade de xeración de crédito por mor da executividade dos recursos afectados:

-Informe favorable da Intervención Xeral Municipal Ref.: 2025/675 do 14.05.2025.

Vistos os antecedentes anteriores, considerando o disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado, e sobre a base das atribucións conferidas a esta

INTERVENCIÓN

LVP/slb

Refª: ispac2064623572625860079.doc

Asunto: Decreto aprobación modificación orzamentaria XC 9-2025 OBRADOIRO SALUS LUGO

Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO**:

Aprobar o presente expediente de modificación de crédito mediante a modalidade de xeración de créditos (expediente número 9/2025), introducíndose nos estados de gastos e ingresos as seguintes modificacións, con imputación aos códigos de proxecto que máis abaixo se sinalan, creando, de ser o caso, as aplicacións orzamentarias indicadas:

- ☐ Inwestimentos :
Programa "Obradoiro de Emprego "SALUSLUGO ".
- ☐ Importe subvención: 11.294,40 €

✓ Xeracion de crédito: 11.294,40 €.

ESTADO DE INGRESOS: Compromisos firmes de aportación da Xunta de Galicia

Concepto	Código proxecto	Importe
45050	242410202	11.294,40 €
	TOTAL	11.294,40 €

ESTADOS DE GASTOS: Xeración de créditos en base os compromisos firmes de aportacións anteriores.

Aplicación Orzamentaria	Código proxecto	Importe
24102.13100	242410202	9.894,00 €
24102.16000	242410202	1.400,40 €
	TOTAL	11.294,40 €

Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo cal deberase introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados deste expediente.

Cúmprase.